

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN06	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1380	Procesamento citolóxico e tisular	2023/2024	0	193	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	VERÓNICA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, JAVIER FRANCISCO BALADO CANTO (Subst.)
Outro profesorado	

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza o procesamento da mostra previo á inclusión tisular, para o que selecciona materiais, reactivos e equipamentos
RA2 - Realiza bloques de tecidos e selecciona os métodos de inclusión
RA3 - Aplica técnicas de corte, en relación co material do bloque, o equipamento e a técnica
RA4 - Aplica técnicas de tinguidura e caracteriza as secuencias do proceso
RA5 - Aplica técnicas histoquímicas e encimohistoquímicas, e caracteriza as secuencias do proceso
RA6 - Aplica técnicas inmunohistoquímicas e caracteriza as secuencias do proceso
RA7 - Procesa mostras celulares, tendo en conta a relación das súas características coa técnica que se vaia utilizar

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Preparouse o material, os reactivos e os equipamentos, utilizando eficientemente os recursos, en función das operacións que se vaian realizar
CA1.1.1 Explicáronse os recursos materiais, reactivos e equipamentos utilizados en histotecnoloxía e citotecnoloxía
CA1.1.3 Descríronse as áreas do servizo de Anatomía Patolóxica
CA1.1.4 Explicáronse os recursos humanos do servizo de Anatomía Patolóxica
CA1.2 Establecéronse as normas de manipulación de reactivos, materiais e equipamentos
CA1.3 Realizouse a recepción e rexistro da mostra

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3.1 Explicouse o procedemento de recepción e rexistro de mostras no servizo de Anatomía Patolóxica
CA1.3.2 Descríbóronse os criterios de exclusión de mostras recibidas no servizo de Anatomía Patolóxica
CA1.3.3 Descríbóronse os sistemas de envío e transporte de mostras ao servizo de Anatomía Patolóxica e os datos básicos dunha petición de estudo histocitopatolóxico
CA1.4 Seleccíonouse a fixación da mostra en relación ás probas que haxa que realizar
CA1.4.1 Explicáronse os procesos de degradación tras a toma dunha mostra tisular e/ou citolóxica
CA1.4.2 Descríbóronse as características, propiedades e clasificación dos fixadores
CA1.4.3 Explicáronse os principios xerais e as indicacións da fixación e da descalcificación
CA1.4.4 Descríbóronse os tipos de fixación tisular/citolóxica e de axentes descalcificantes
CA1.5 Descríbóronse os mecanismos de produción e eliminación de artefactos nas mostras
CA1.6 Seleccíonouse a técnica de descalcificación
CA1.7 Descríbóronse as características macroscópicas do órgano ou a biopsia
CA1.7.2 Explicouse o procedemento para o estudo macroscópico das mostras
CA1.7.3 Recoñecéronse os materiais e equipamento necesarios para o tallado das mostras
CA1.8 Preparouse a peza cirúrxica para a obtención de imaxes
CA1.9 Realizouse o tallado do órgano ou a biopsia
CA1.10 Aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos físicos, químicos e biolóxicos
0 CA1.10.1 Descríbóronse as normas de seguridade e hixiene durante o tallado das mostras
CA1.11 Estableceuse o procedemento de eliminación dos residuos xerados

Criterios de avaliación do currículo
CA1.11.1 Explicouse a xestión dos residuos xerados durante o tallado das mostras
CA1.12 Verificouse o control de calidade dos procedementos
CA1.12.1 Explicouse o concepto de trazabilidade das mostras no servizo de Anatomía Patolóxica
CA1.13 Describiuse o procedemento de rexistro e conservación de mostras
CA1.13.2 Explicouse o procedemento de rexistro e conservación de mostras
CA2.1 Seleccionouse o proceso de inclusión segundo o tipo de estudo que cumpra realizar
CA2.1.1 Descríbóronse os tipos de inclusión de mostras segundo o tipo de estudo solicitado
CA2.2 Detalláronse as técnicas de deshidratación, impregnación e inclusión de mostras
CA2.2.1 Explicouse o proceso de deshidratación e as características dos axentes deshidratantes
CA2.2.2 Describiuse o proceso de aclaramento e as características dos axentes aclarantes
CA2.2.3 Descríbóronse os pasos para a confección de bloques de parafina
CA2.3 Seleccionáronse e preparáronse as solucións adecuadas ao proceso
CA2.3.2 Describiuse o procesamento automático de tecidos
CA2.4 Programáronse os equipamentos de inclusión en parafina
CA2.4.2 Descríbóronse e recoñecéronse os elementos da estación de inclusión e os instrumentos e materiais necesarios para a elaboración de bloques
CA2.4.4 Explicáronse as indicacións e o procedemento de elaboración de micromatrices tisulares
CA2.5 Descríbóronse outros métodos de inclusión: xelatina, celoidina e resinas
CA2.7 Orientouse a mostra na obtención do bloque

Criterios de avaliación do currículo
CA2.7.1 Explicáronse as normas xerais de orientación da mostra
CA2.8 Descríbóronse os pasos de obtención de bloques para microscopía electrónica
CA2.9 Identificáronse os erros no procesamento da mostra
CA2.10 Aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos físicos, químicos e biolóxicos
0 CA2.10.1 Descríbóronse as normas de seguridade e hixiene durante o proceso de inclusión das mostras
CA2.11 Estableceuse o procedemento de eliminación dos residuos xerados
CA2.11.1 Explicouse a xestión dos residuos xerados durante o proceso de inclusión das mostras
CA3.1 Descríbóronse os tipos de micrótomos
CA3.1.1 Explicáronse os tipos de microtomo e os seus compoñentes
CA3.1.2 Descríbóronse as características de cada tipo de microtomo
CA3.2 Detalláronse o material e as técnicas de corte
CA3.2.1 Descríbiuse a clasificación e indicacións dos distintos tipos de coitelas para microtomo
CA3.2.2 Descríbóronse ordeadamente os pasos do procedemento de corte e as medidas de seguridade a adoptar
CA3.2.3 Descríbiuse a limpeza e mantemento do microtomo
CA3.3 Preparouse o material e o equipamento para a obtención de cortes de bloques de parafina
CA3.4 Realizouse a orientación do bloque e a coitela
CA3.5 Desbastouse o bloque para obter o tecido adecuado ao corte
CA3.5.1 Explicouse o proceso de desbaste

Criterios de avaliación do currículo
CA3.6 Obtivéronse os cortes do tecido
CA3.7 Verificouse a calidade no corte obtido
CA3.7.2 Explicáronse posibles solucións aos problemas máis comúns acaecidos durante a sección de mostras
CA3.8 Identificáronse os cortes, recolléronse e estendéronse en portaobxectos
CA3.8.1 Explicouse o procedemento de estirado e recollida de mostras no baño de flotación
CA3.9 Preparáronse os medios adhesivos ao portaobxectos para evitar o desprendemento do tecido
CA3.9.1 Explicouse a preparación dos portaobxectos utilizados na recollida das seccións
CA4.1 Seleccionáronse os solventes utilizados para a desparafinación e a rehidratación dos cortes
CA4.1.1 Descríbense os reactivos utilizados para desparafinar, aclarar e rehidratar as seccións
CA4.2 Clasifícanse os colorantes pola súa natureza e composición química
CA4.2.1 Descríbiuse a estrutura química dos colorantes
CA4.2.2 Explicáronse os mordentes
CA4.2.3 Clasifícanse os colorantes segundo a súa orixe e a súa natureza química
CA4.2.4 Distinguíuse entre ortocromasia e metacromasia
CA4.2.5 Descríbense os mecanismos de coloración
CA4.3 Descríbense os fundamentos das técnicas de tinguidura
CA4.3.1 Explicáronse as distintas clasificacións das técnicas de tinguidura
CA4.3.2 Descríbiuse a técnica xeral de tinguidura

Criterios de avaliación do currículo
CA4.4 Realizáronse técnicas impregnación arxéntica
CA4.4.1 Explicáronse as técnicas de impregnación
CA4.5 Seleccionáronse reactivos para a realización da técnica de tinguidura especificada
CA4.5.1 Describiuse a técnica de coloración histolóxica de conxunto utilizada de xeito rutineiro
CA4.5.3 Describíronse técnicas de tinguidura utilizadas no servizo de Anatomía Patolóxica
CA4.5.5 Explicáronse as técnicas de contraste para microscopía electrónica
CA4.7 Aclarouse e montouse a preparación
CA4.7.1 Describíronse a técnica e os produtos para deshidratar e aclarar a preparación
CA4.7.3 Describíronse a técnica e os produtos empregados para a montaxe das seccións
CA4.8 Identificáronse posibles artefactos, a súa causa e a posibilidade de solución
CA4.9 Identificáronse e comprobáronse os criterios de calidade da tinguidura
CA4.10 Etiquetáronse e arquiváronse as preparacións
CA4.10.1 Explicouse a etiquetaxe, arquivo e conservación das preparacións
CA4.11 Aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos físicos, químicos e biolóxicos
CA4.11.1 Describíronse as normas de seguridade e hixiene durante o proceso de coloración das mostras
CA4.12 Estableceuse o procedemento de eliminación dos residuos xerados
CA4.12.1 Explicouse a xestión dos residuos xerados durante o proceso de coloración das mostras
CA5.1 Especificáronse os criterios para a obtención da sección tisular

Criterios de avaliación do currículo
CA5.2 Descríbense os fundamentos das técnicas, en relación coas substancias químicas que cumpra demostrar
CA5.3 Inclúense na análise os controis positivos e negativos
CA5.3.1 Explicáronse os controis positivos e negativos da análise
CA5.4 Clasifícanse as técnicas en relación coa súa aplicación na diferenciación e identificación de substancias
CA5.5 Realízase o procesamento previo á realización das técnicas encimohistoquímicas
CA5.5.1 Explicouse o procesamento previo á realización das técnicas histoquímicas, encimohistoquímicas e lectinhistoquímicas
CA5.6 Realízase a tinguidura
CA5.7 Verifícase a calidade da tinguidura
CA5.7.1 Descríbense os parámetros de calidade das técnicas histoquímicas, encimohistoquímicas e lectinhistoquímicas
CA5.8 Descríbense os fundamentos e as aplicacións das técnicas histoquímicas con lectinas
CA5.9 Aplícanse as medidas de seguridade e prevención de riscos físicos, químicos e biolóxicos
CA5.9.1 Descríbense as normas de seguridade e hixiene durante o procesado das mostras
CA5.10 Estableceuse o procedemento de eliminación dos residuos xerados
CA5.10.1 Explicouse a xestión dos residuos xerados durante o procesado das mostras
CA6.1 Especificáronse os criterios para a obtención da sección tisular
CA6.2 Clasifícanse os métodos inmunohistoquímicos
CA6.3 Descríbense os fundamentos das técnicas
CA6.3.1 Diferenciouse entre anticorpos monoclonais e policlonais, e explicouse a súa obtención



Criterios de avaliación do currículo
CA6.3.2 Explicáronse as técnicas de marcación dos anticorpos
CA6.3.3 Describíronse os fundamentos e a clasificación das técnicas inmunohistoquímicas
CA6.3.4 Explicouse o procedemento xeral das técnicas inmunohistoquímicas
CA6.3.5 Explicáronse os marcadores tumorais e as técnicas utilizadas para a súa detección
CA6.4 Procesáronse as mostras para favorecer a preservación e a detectabilidade do antíxeno
CA6.4.1 Explicouse o procesamento das mostras para favorecer a preservación e detectabilidade do antíxeno
CA6.5 Especificáronse os tratamentos para desenmascarar antíxenos
CA6.6 Preparouse a mostra para bloquear a tinguidura de fondo
CA6.6.1 Especificouse a preparación da mostra para bloquear a tinguidura de fondo
CA6.7 Establecéronse controis para garantir a especificidade dos resultados
CA6.7.1 Explicáronse os controis para garantir a especificidade dos resultados
CA6.8 Describíronse as estratexias de colocación de distintos Ag nun mesmo tecido
CA6.9 Comprobase a calidade na tinguidura realizada
CA6.9.1 Describíronse os parámetros de calidade das técnicas inmunohistoquímicas
CA6.10 Realizouse o proceso con orde, limpeza e método de traballo
0 CA6.10.1 Explicouse o método de traballo en inmunohistoquímica
CA6.11 Aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos físicos, químicos e biolóxicos
CA6.11.1 Describíronse as normas de seguridade e hixiene durante o procesado inmunohistoquímico das mostras

Criterios de avaliación do currículo
CA6.12 Estableceuse o procedemento de eliminación dos residuos xerados
CA6.12.1 Explicouse a xestión dos residuos xerados durante o procesado inmunohistoquímico das mostras
CA7.1 Diferenciáronse tipos de mostras citolóxicas
CA7.1.1 Diferenciáronse os tipos de mostras citolóxicas e as súas características
CA7.1.2 Recoñeceuse o instrumental para a toma de mostras citolóxicas
CA7.2 Preparáronse materiais e realizouse a posta a punto dos equipamentos
CA7.2.1 Recoñecéronse e describíronse os materiais e equipamentos para o procesamento citolóxico
CA7.2.2 Explicouse o mantemento e limpeza dos materiais e equipamentos para o procesamento citolóxico
CA7.3 Aplicáronse procesos previos á extensión
CA7.3.1 Explicáronse os procesos previos á extensión citolóxica
CA7.4 Aplicáronse os procesos previos á tinguidura, segundo as características da mostra
CA7.4.1 Explicáronse os procesos previos á tinguidura, segundo as características da mostra
CA7.4.2 Describíronse os produtos para a fixación das mostras citolóxicas
CA7.5 Realizouse a tinguidura celular seleccionada, en función do tipo de mostra
CA7.5.1 Explicouse a técnica de tinguidura en función do tipo de mostra
CA7.6 Realizouse o control de calidade da preparación citolóxica
CA7.6.1 Explicouse o control de calidade a realizar coa preparación citolóxica
CA7.7 Recoñecéronse artefactos e contaminantes

Criterios de avaliación do currículo
CA7.8 Etiquetouse e arquivouse a preparación
CA7.8.1 Explicouse a etiquetaxe, arquivo e conservación das preparacións citolóxicas
CA7.9 Detallouse a preparación de bloques celulares
CA7.10 Aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos físicos, químicos e biolóxicos
0 CA7.10.1 Describíronse as normas de seguridade e hixiene durante o procesado das mostras citolóxicas
CA7.11 Estableceuse o procedemento de eliminación dos residuos xerados
CA7.11.1 Explicouse a xestión dos residuos xerados durante o procesado das mostras citolóxicas

## 2.2. Segunda parte da proba

### 2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza o procesamento da mostra previo á inclusión tisular, para o que selecciona materiais, reactivos e equipamentos
RA2 - Realiza bloques de tecidos e selecciona os métodos de inclusión
RA3 - Aplica técnicas de corte, en relación co material do bloque, o equipamento e a técnica
RA4 - Aplica técnicas de tinguidura e caracteriza as secuencias do proceso
RA5 - Aplica técnicas histoquímicas e encimohistoquímicas, e caracteriza as secuencias do proceso
RA6 - Aplica técnicas inmunohistoquímicas e caracteriza as secuencias do proceso
RA7 - Procesa mostras celulares, tendo en conta a relación das súas características coa técnica que se vaia utilizar

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Preparouse o material, os reactivos e os equipamentos, utilizando eficientemente os recursos, en función das operacións que se vaian realizar
CA1.1.2 Utilizáronse eficientemente os recursos do laboratorio, en función das operacións que se vaian a realizar
CA1.2 Establecéronse as normas de manipulación de reactivos, materiais e equipamentos
CA1.2.1 Seguíronse as normas de manipulación de reactivos, materiais e equipamentos
CA1.3 Realizouse a recepción e rexistro da mostra
CA1.3.4 Simulouse a recepción e o rexistro de mostras
CA1.4 Seleccionouse a fixación da mostra en relación ás probas que haxa que realizar
CA1.4.5 Realizouse a fixación e/ou descalcificación da mostra en relación coas probas a realizar
CA1.6 Seleccionouse a técnica de descalcificación
CA1.7 Descríronse as características macroscópicas do órgano ou a biopsia
CA1.7.1 Simulouse a gravación cun dictáfono do estudo macroscópico de pezas pequenas
CA1.7.4 Simulouse a preparación dunha mesa de tallado
CA1.8 Preparouse a peza cirúrxica para a obtención de imaxes
CA1.9 Realizouse o tallado do órgano ou a biopsia
CA1.10 Aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos físicos, químicos e biolóxicos
0 CA1.10.2 Aplicáronse as normas de seguridade e prevención de riscos durante o tallado das mostras

Criterios de avaliación do currículo
CA1.11 Estableceuse o procedemento de eliminación dos residuos xerados
CA1.11.2 Xestionáronse adecuadamente os residuos xerados durante o tallado das mostras
CA1.12 Verificouse o control de calidade dos procedementos
CA1.12.2 Verificouse o control de calidade dos procedementos histolóxicos e citolóxicos
CA1.13 Describiuse o procedemento de rexistro e conservación de mostras
CA1.13.1 Realizouse adecuadamente o rexistro e conservación de mostras
CA2.1 Seleccionouse o proceso de inclusión segundo o tipo de estudo que cumpra realizar
CA2.1.2 Seleccionouse o proceso de inclusión de mostras segundo o tipo de estudo solicitado
CA2.2 Detalláronse as técnicas de deshidratación, impregnación e inclusión de mostras
CA2.3 Seleccionáronse e preparáronse as solucións adecuadas ao proceso
CA2.3.1 Preparouse o procesador automático de tecidos
CA2.4 Programáronse os equipamentos de inclusión en parafina
CA2.4.1 Preparouse a estación de inclusión
CA2.4.3 Confeccionáronse bloques con mostras incluídas en parafina
CA2.6 Puxéronse a punto os equipamentos para o procesamento de bloques
CA2.6.1 Realizouse a limpeza e o mantemento do procesador automático de tecidos
CA2.6.2 Realizouse a limpeza e o mantemento da estación de inclusión
CA2.7 Orientouse a mostra na obtención do bloque

Criterios de avaliación do currículo
CA2.7.2 Orientouse adecuadamente a mostra durante o proceso de inclusión en parafina
CA2.9 Identificáronse os erros no procesamento da mostra
CA2.10 Aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos físicos, químicos e biolóxicos
0 CA2.10.2 Aplicáronse as normas de seguridade e prevención de riscos durante o proceso de inclusión das mostras
CA2.11 Estableceuse o procedemento de eliminación dos residuos xerados
CA2.11.2 Xestionáronse adecuadamente os residuos xerados durante o proceso de inclusión das mostras
CA3.2 Detalláronse o material e as técnicas de corte
CA3.2.4 Realizouse a limpeza e mantemento do microtomo
CA3.3 Preparouse o material e o equipamento para a obtención de cortes de bloques de parafina
CA3.4 Realizouse a orientación do bloque e a coitela
CA3.5 Desbastouse o bloque para obter o tecido adecuado ao corte
CA3.5.2 Desbastouse adecuadamente o bloque
CA3.6 Obtivéronse os cortes do tecido
CA3.7 Verificouse a calidade no corte obtido
CA3.7.1 Verificouse a calidade das seccións de tecido obtidas
CA3.8 Identificáronse os cortes, recolléronse e estendéronse en portaobxectos
CA3.8.2 Recolléronse os cortes utilizando portaobxectos correctamente identificados
CA3.9 Preparáronse os medios adhesivos ao portaobxectos para evitar o desprendemento do tecido

Criterios de avaliación do currículo
CA3.9.2 Preparáronse os portaobxectos utilizados na recollida das seccións
CA3.10 Aplicáronse as medidas de seguridade durante o proceso
CA4.1 Seleccionáronse os solventes utilizados para a desparafinación e a rehidratación dos cortes
CA4.1.2 Realizouse a desparafinación, aclaración e rehidratación das seccións
CA4.2 Clasificáronse os colorantes pola súa natureza e composición química
CA4.4 Realizáronse técnicas impregnación arxéntica
CA4.5 Seleccionáronse reactivos para a realización da técnica de tinguidura especificada
CA4.5.2 Realizouse a coloración histolóxica de conxunto utilizada de xeito rutineiro
CA4.5.4 Realizáronse técnicas de tinguidura utilizadas no servizo de Anatomía Patolóxica
CA4.6 Preparáronse as solucións de traballo específicas para a técnica que cumpra realizar
CA4.7 Aclarouse e montouse a preparación
CA4.7.2 Deshidratouse e aclarouse a preparación
CA4.7.4 Montáronse as seccións
CA4.8 Identificáronse posibles artefactos, a súa causa e a posibilidade de solución
CA4.9 Identificáronse e comprobáronse os criterios de calidade da tinguidura
CA4.10 Etiquetáronse e arquiváronse as preparacións
0 CA4.10.2 Etiquetáronse e arquiváronse as preparacións
CA4.11 Aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos físicos, químicos e biolóxicos

Criterios de avaliación do currículo
CA4.11.2 Aplicáronse as normas de seguridade e prevención de riscos durante o proceso de coloración das mostras
CA4.12 Estableceuse o procedemento de eliminación dos residuos xerados
CA4.12.2 Xestionáronse adecuadamente os residuos xerados durante o proceso de coloración das mostras
CA5.3 Incluíronse na análise os controis positivos e negativos
CA5.3.2 Realizáronse os controis positivos e negativos na análise
CA5.5 Realizouse o procesamento previo á realización das técnicas encimohistoquímicas
CA5.6 Realizouse a tinguidura
CA5.7 Verificouse a calidade da tinguidura
CA5.9 Aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos físicos, químicos e biolóxicos
CA5.9.2 Aplicáronse as normas de seguridade e prevención de riscos durante o procesado das mostras
CA5.10 Estableceuse o procedemento de eliminación dos residuos xerados
0 CA5.10.2 Xestionáronse adecuadamente os residuos xerados durante o procesado das mostras
CA6.4 Procesáronse as mostras para favorecer a preservación e a detectabilidade do antíxeno
CA6.6 Preparouse a mostra para bloquear a tinguidura de fondo
CA6.7 Establecéronse controis para garantir a especificidade dos resultados
CA6.9 Comprobose a calidade na tinguidura realizada
CA6.10 Realizouse o proceso con orde, limpeza e método de traballo
CA6.11 Aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos físicos, químicos e biolóxicos



Criterios de avaliación do currículo
CA6.12 Estableceuse o procedemento de eliminación dos residuos xerados
CA7.1 Diferenciáronse tipos de mostras citolóxicas
CA7.1.3 Preparouse o material e instrumental necesarios para a toma de mostras citolóxicas
CA7.2 Preparáronse materiais e realizouse a posta a punto dos equipamentos
CA7.2.3 Utilizáronse responsable e eficazmente os materiais e equipamentos durante o procesado citolóxico
CA7.3 Aplicáronse procesos previos á extensión
CA7.3.2 Realizáronse os procesos previos á extensión
CA7.4 Aplicáronse os procesos previos á tinguidura, segundo as características da mostra
CA7.4.3 Realizouse o procesamento previo á tinguidura, dependendo do tipo de mostra
CA7.5 Realizouse a tinguidura celular seleccionada, en función do tipo de mostra
CA7.5.2 Aplicouse a técnica de tinguidura adecuada
CA7.6 Realizouse o control de calidade da preparación citolóxica
CA7.6.2 Realizouse o control de calidade do procesamento citolóxico
CA7.7 Recoñecéronse artefactos e contaminantes
CA7.8 Etiquetouse e arquivouse a preparación
CA7.8.2 Etiquetáronse e arquiváronse as preparacións citolóxicas
CA7.10 Aplicáronse as medidas de seguridade e prevención de riscos físicos, químicos e biolóxicos
0 CA7.10.2 Aplicáronse as normas de seguridade e prevención de riscos durante o procesado das mostras citolóxicas

**Criterios de avaliación do currículo**

CA7.11 Estableceuse o procedemento de eliminación dos residuos xerados

CA7.11.2 Xestionáronse adecuadamente os residuos xerados durante o procesado das mostras citolóxicas

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Os mínimos esixibles son os que veñen recollidos no RD 767/2014, do 12 de setembro (BOE do 4 de outubro de 2014), e o Decreto 83/2016, de 4 de maio (DOG do 18 de xullo do 2016), polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnica/o Superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico e se fixan as súas ensinanzas mínimas, e que se corresponden cos criterios de avaliación recollidos nos apartados 2.1.2 e 2.2.2 desta programación didáctica.

As probas libres do módulo constan dunha primeira proba teórica e unha segunda proba práctica. Cada unha delas terá carácter eliminatorio, de forma que, de non superar a primeira proba, non se realizará a segunda. A primeira será unha proba escrita, composta de preguntas tipo test e/ou preguntas abertas. Na segunda proba, cada cuestión valorarase segundo o indicado no enunciado de cada pregunta, e consistirá na resolución de varios supostos prácticos (simulación na aula-laboratorio e/ou pregunta aberta). As persoas aspirantes deberán superar as dúas probas por separado.

A cualificación de cada proba será numérica, entre 1 (un) e 10 (dez), sen decimais (aplicarase o redondeo matemático). Será preciso un mínimo de 5 (cinco) puntos para superar cada proba e acadar a avaliación positiva do módulo. A cualificación final obtida para cada aspirante será numérica, entre 1 (un) e 10 (dez), sen decimais, correspondendo coa media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada en números enteiros e redondeada a unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación final que poderá asignarse será, como máximo, de 4 (catro) puntos.

**INSTRUCCIÓNS XERAIS:**

- 1- Rógase máxima puntualidade e infórmase que, unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula.
- 2- Se algúnha persoa aspirante necesita dun certificado de asistencia, solicitarao ao profesorado antes de comezar a proba.
- 3- Será necesaria a identificación da persoa aspirante, mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.
- 4- Para o acceso á aula-laboratorio onde se realicen as probas deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos (smartphone, smartwatch...). O uso destes dispositivos durante a proba será motivo de expulsión.
- 5- Os bolsos, mochilas, libros, apuntamentos... gardaranse antes de comezar as probas, no lugar indicado polo profesorado.

- 6- Sobre a mesa, soamente estará permitido o material necesario e indicado para a realización dos exercizos, ademais do documento identificativo.
- 7- Poderase comezar o exame no mesmo intre en que sexa entregado. Pode haber varios modelos de exame, que se repartirán aleatoriamente entre as persoas aspirantes que se presenten ás probas.
- 8- Non está permitido o uso de lapis para marcar as respostas. Empregarase bolígrafo, de tinta azul ou negra, e poderase usar corrector (típex). Para a realización da segunda proba será necesario traer unha bata branca de laboratorio.
- 9- Escríbese con letra clara e lexible. As respostas ilexibles ou dúbidasas consideraranse incorrectas. Para contestar ás preguntas abertas non se permite o uso de siglas ou abreviaturas.
- 10- Non se pode solicitar ningunha aclaración, a ninguén, unha vez comezado o exame. Recoméndase ler detidamente o enunciado das preguntas, pois son suficientemente claras.
- 11- As persoas aspirantes que sexan sorprendidas copiando, falando ou molestado durante a realización das probas, serán expulsadas inmediatamente e obterán a calificación de 1 (un) punto.
- 12- Unha vez rematada a proba, a persoa aspirante entregará toda a documentación entregada e producida durante as probas (está prohibido sacar da aula-laboratorio calquera destes documentos) e abandonará a aula, respectando o silencio necesario para a realización da proba por parte do resto das persoas aspirantes.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Resolución en tempo e forma dun cuestionario que incluírá preguntas tipo test (con varias alternativas de resposta, sendo só unha delas completamente correcta) e/ou preguntas abertas. Poden incluírse imaxes ou debuxos (de órganos, tecidos, tinguiduras, material de laboratorio...), táboas, gráficas...

As respostas incorrectas puntuarán negativo, cunha proporción 2:1 (é dicir, por cada dúas respostas erróneas anularase unha correcta).

As preguntas sen contestar non serán contabilizadas.

Para superar esta primeira proba haberá que acadar unha puntuación mínima de 5 (cinco) puntos, logo de descontar os erros.

As persoas aspirantes disporán dun máximo de 120 minutos para a súa realización.

O material necesario para a súa realización é bolígrafo e calculadora (non programable).

Deberán cumprirse as instrucións xerais indicadas no apartado 3 desta programación didáctica.

##### 4.b) Segunda parte da proba

Resolución en tempo e forma de varios casos prácticos a resolver na aula-laboratorio (terminacións de producións incompletas, resolución de supostos simulados...).

Terase en conta, entre outros ítems, as habilidades na elaboración do procedemento requirido; o seguimento das normas de seguridade e prevención de riscos químicos, biolóxicos e físicos; a limpeza e orde no traballo; o coñecemento dos produtos químicos (fixadores, reactivos para tinguiduras...), material, instrumental e equipos; o uso racional do material, instrumental e equipos; o correcto procesamento dos residuos xerados; o desenvolvemento dos protocolos requiridos...

Para superar esta proba haberá que acadar unha puntuación mínima de 5 (cinco) puntos.

As persoas aspirantes disporán dun máximo de 120 minutos para a súa realización.

O material necesario para a súa realización é bolígrafo, calculadora (non programable) e bata branca de laboratorio.



Deberán cumprirse as instrucións xerais indicadas no apartado 3 desta programación didáctica.